



Feminismo de proximidade é unha recompilación de artigos, relatorios, investigacións e proxectos publicados en diversos medios, cun claro fío condutor: a muller e a súa condición. A proposta recolle feitos actuais, repasa aspectos históricos, reivindica accións positivas, fai visibles situacións...

Ler este libro é unha viaxe por Pontevedra, Compostela, Madrid, Alacant, Cerdedo ou Alhucemas (Marrocos). Así, en "As cidades e o xénero" descúbrenos o androcentrismo arquitectónico que leva a deseñar as cidades en función do estereotipo masculino. En "Mulleres e represión na Terra de Montes", fai visible os trazos de xénero da represión franquista sobre as mulleres desa bisbarra. En "Mulleres no rural" ou en "As montañas do Rif en feminino" trasládanos a vida das mulleres que, malia vivir a miles de quilómetros, teñen eivas similares...

Estas páxinas amosan a faceta docente de **Lola Varela**: dunha banda, como profesora de literatura, achéganos en "Unha muller do seu tempo" a ideoloxía social progresista e reivindicativa de Rosalía de Castro a prol dos dereitos das mulleres; doutra, como docente e feminista, fálanos da necesidade de mudar as formas de relación de dominio patriarcal que non contribúen ao benestar das mulleres e dos homes, da percepción que ten a mocidade sobre a igualdade, a prostitución, a valoración do corpo feminino ou a diversidade sexual e de xénero nas nosas aulas.

PRESENTACIÓN DO LIBRO

Feminismo de proximidade

(En Selecta Companhia, 2022)

Lola Varela

Martes, 8 novembro 2022

ás 19:00